



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS BOLSAS DE AXUDA O ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2024/2025

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das bolsas de axuda o estudo que se conceden por parte deste concello, ten como finalidade fomentar a educación e os estudos dos alumnos empadroados neste concello, escolarizados no presente curso escolar, nas seguintes etapas e niveles educativos:

- ✓ Ensinanza Primaria
- ✓ ESO, FP Básica, Bacharelato e ciclos formativos (medios e superiores)
- ✓ Universidade (agás Masters e Estudos de Posgrao).

O obxecto da presente convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito a educación, e o seu fin é compensar a aquelas familias que, polas súas condicións económicas, teñan maior dificultade para afrontar os gastos derivados do inicio do curso escolar , ó abeiro da competencia atribuída aos concellos polo artigo 5.2 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social a familia, a cal permite aplicar medidas preventivas e paliativas para garantir as necesidades básicas daquela no eido da vivenda, educación, cultura e traballo.

Tratase así de promover unha política de benestar social encamiñada a paliar as diferenzas sociais e favorecer a integración dos nenos e nenas no sistema educativo.

2. NATUREZA XURIDICA

As axudas que se conceden teñen carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

3. BENEFICIARIOS

Os principais beneficiarios das axudas serán as familias con menores recursos económicos do municipio, e serán compatibles con calquera outra que perciban polo mesmo concepto.

Serán beneficiarias/os destas axudas as persoas empadroadas no Concello de Zas que realicen os estudos referidos nas presentes bases, isto é; educación primaria, ESO, FP básica, bacharelato, ciclos formativos (grado medio e superior) e estudos universitarios (agás estudos de postgrado e másters).



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- Téñase en conta que para os casos de que non se estea matriculado nun curso completo será preciso estar matriculado, cando menos, en 3 materias
- No caso de ser menores de idade, entenderanse as actuacións co representante legal do menor.
- No caso de ser maiores de idade, entenderanse as actuacións con esta persoa directamente ou co seu representante (pai, nai, representante legal) ante o concello, aos efectos das presentes bases.
- En todo caso, a **unidade familiar** deberá esta empadroada o completo no concello. Este extremo, comprobarase de oficio por parte do concello.

*Aos efectos destas axudas, considérase **unidade familiar** a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, así como os seus fillos solteiros menores de vinte e cinco anos que conviven no domicilio familiar ata a data de publicación da presente convocatoria e non tivesen ingresos.*

- En todo caso, os beneficiarios teñen que cumprir os requisitos do artigo 10 LGS.
- Os beneficiarios someteranse ás actividades de control realizadas por parte do concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello en ditas actuación.
- Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión das axudas.
- Cumprir coa obriga recollida no artigo 14.4.k) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia facilitando toda a información que lles sexa requirida pola administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes, xunto coa documentación correspondente, formularanse conforme o modelo normalizado (**anexo I**) e dirixiranse ao Alcalde, debendo ser presentadas por algunha das seguintes vías:

- Preferiblemente, a través da sede electrónica do Concello de Zas.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- No Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte a publicación do extracto das presentes bases no BOP da Coruña.

As solicitudes formalizaranse no modelo normalizado (**anexo 1**) que se facilitará nas dependencias municipais ou na sede electrónica do Concello de Zas e á mesma acompañarase a seguinte documentación:

- ✓ Fotocopia do **DNI** do/da alumno/a e do solicitante (pai, nai ou titor)cando sexa menor de idade .
- ✓ Fotocopia do **Libro de familia**.
- ✓ Fotocopia da **matrícula** no centro escolar ou universitario ou certificado do centro, segundo o anexo II.
- ✓ Fotocopia do **Boletín de notas ou expediente académico das cualificacións do curso 2023/2024**.
- ✓ **Declaración responsable** conforme ao anexo III.
- ✓ De ser o caso, fotocopia do **certificado do grao de discapacidade** no caso de que algún fillo esté afectado por ela, ou **resolución de invalidez**.
- ✓ **Certificado da entidade bancaria** no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
- ✓ **Fotocopia da declaración da renda do ano 2023**. As unidades familiares exentas desta obriga deberán acreditar a situación, xuntando a seguinte documentación:
 - Para o membros activos laboralmente, certificado de Facenda do ano 2023.
 - Acreditación, por calquera medio axustado a dereito, de percibir ou non algunha prestación ou pensión (INEM, Seguridade Social, Xunta...)
- ✓ **No caso de ser familia monoparental, deberase aportar ademais:**
 - Sentenza de separación ou divorcio e/ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, ou xustificante de viuvez, de ser o caso.

5. PUBLICIDADE

A publicidade levarase a cabo a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Zas, <https://sede.concellodezas.org/sxc/es/informacion/tablon>. Unha vez concedidas publicaranse tamén na Base de Datos Nacional de Subvencións.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Publicarase unha primeira relación das solicitudes presentadas coa indicación daquelas que non reúnen os requisitos sinalados e requirirase ós/as interesados/as para que no prazo de **dez días hábiles** emenden as deficiencias advertidas. De non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión cualificadora formulará a proposta de resolución provisional, que será publicada igualmente no taboleiro da sede electrónica e concederáselle aos interesados/as **5 días hábiles** para presentar alegacións.

A comisión cualificadora elevará ao alcalde a proposta definitiva de resolución no prazo máximo de 3 días naturais desde que rematase o prazo de presentación de alegacións.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONCESIÓN

As bolsas adxudicaranse mediante concurso de méritos e en concorrencia competitiva, no que se terá en conta un baremo cos seguintes conceptos:

- a) Capacidade económica-familiar.
- b) Número membros da unidade familiar.
- c) Méritos académicos do alumno.

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- 1) Número de membros da unidade familiar:
 - a. Por cada membro da unidade familiar, **0,25 puntos**.
- 2) Condicións familiares do solicitante da axuda:
 - a. Por orfandade: **1 punto**.
 - b. Fillo de separado/a ou viúvo/a a data actual: **1 punto**.
 - c. Familia monoparental: **1 punto**.
 - d. Por posuír o título de familia numerosa: **2 puntos**.
 - e. Por presentaren un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, por cada un: **3 puntos**.
 - f. Por estar en situación de desemprego o pai/titor: **1 punto**.
 - g. Por estar en situación de desemprego a nai/titora: **1 punto**.

As puntuacións neste apartado serán acumulables.

SITUACIÓN ECONÓMICA-FAMILIAR

Neste apartado calcúlase a Renda Per Cápita mensual (RPC) da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples vixente (IPREM: 600,00 €) valorándose segundo a seguinte tabla:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Inferior ao 25% do IPREM	+4
Entre o 25% e o 50% do IPREM	+3
Entre o 50 % e o 75% do IPREM	+2
Entre o 75 % e o 100% do IPREM	+1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Igual ou superior ao 200 % do IPREM	-4

**A RPC determinarase dividindo os ingresos totais da unidade familiar polo número de membros que a compoñen.*

Para estes efectos, considérase unidade familiar, a descrita no apartado 3 das presentes bases da convocatoria.

MÉRITOS ACADÉMICOS

Os méritos académicos do alumno (cualificacións) **unicamente** teranse en conta nos seguintes casos:

- En caso de empate na puntuación, concederase a aquel que teña mellores notas.
- Dentro da mesma familia, concederase a bolsa a aqueles fillos que teñan mellor expediente académico.

Como méritos académicos sinálanse:

- Aprobar todas as materias no mes de xuño

Excepcionalmente, concederanse bolsas para alumnos repetidores, sempre que a situación económica-familiar así o xustifique. Igualmente, e só en casos excepcionais de carencia económica, concederanse máis dunha bolsa por familia. En todo caso, non poderán ser concedidas máis de 2 bolsas a membros dunha mesma familia.

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A comisión avaliadora estará composta por:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Presidente: José Manuel Brenlla Castiñeira
Secretario: Natalia Espasandín Pazos
Vogal n.º 1: M.ª Pilar García García

Esta comisión terá funcións de instrución e avaliación.

A comisión avaliadora resérvase a facultade de solicitar ó interesado que presente orixinal da documentación aportada ou copias compulsadas.

Será competencia da Comisión Avaliadora o exame das solicitudes, valoraras e emitirá a proposta de resolución ó órgano competente para conceder as subvencións.

A comisión avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, que será publicada na sede electrónica e concederáselle aos interesados **5 días hábiles** para presentar alegacións.

A comisión avaliadora elevará ao alcalde a proposta definitiva de resolución no prazo máximo de **3 días naturais** desde que rematase o prazo de presentación de alegacións.

En todo caso, a proposta da comisión avaliadora, conterá:

- ✓ Relacións de persoas que desistiron da súa solicitude.
- ✓ Relación de solicitantes propostos para a concesión da axuda.
- ✓ Contía.
- ✓ Baremación dos criterios de valoración.

O alcalde ditará resolución no prazo máximo de **2 días naturais** desde que lle sexa elevada a proposta da comisión.

A publicación farase no prazo máximo de **1 día** no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Zas.

O vencemento do prazo máximo sen que se publique a resolución, lexítima aos interesados para entender **desestimada por silencio administrativo** a solicitude de concesión da subvención, tal e como establece o punto 5 do artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. ORZAMENTO E IMPORTE DAS AXUDAS



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Para o financiamento destas bolsas destínase un crédito máximo de **29.100** euros correspondente ó programa **326.48000** do orzamento de gastos para o ano 2024.

Concederanse un total de 180 bolsas de axuda o estudo, co limite orzamentario sinalado, e serán distribuídas do seguinte xeito:

- ✓ Quince (15) para estudos Universitarios por importe de 360 euros cada unha.
- ✓ Trinta e unha (31) para estudos de BACHARELATO e Ciclo superior por importe de 180 euros cada unha.
- ✓ Sesenta e oito (68) para estudos de ESO, FP Básica e Ciclo medio por importe de 150 euros cada unha.
- ✓ Sesenta e seis (66) para estudos de PRIMARIA por importe de 120 euros cada unha.

No caso de que non se esgoten as bolsas nunha das categorías poderá usarse o remanente para incrementar as outras.

9. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento das bolsas efectuarase aos propios interesados, no suposto de ser maiores de idade, ou ós seus representantes legais, unha vez resolta a convocatoria.

O concello poderá denegar o pagamento cando tivese coñecemento de que os estudos para os que se concedeu a bolsa non se realizaron.

Dada a singularidade da subvención **non se establece prazo de xustificación porque se considera xustificada coa acreditación da matrícula esixida na solicitude.**

10. RECURSOS

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.

11. REXIME SANCIONADOR

As/os beneficiarios quedarán sometidas/os ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro e demais normativa que resulte de aplicación.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

12. FACULTADES DA ALCALDIA

Facúltase amplamente á Alcaldía para a execución e desenvolvemento das presentes bases.

Zas, na data da sinatura electrónica

O alcalde en funcións,
(decreto substitución nº308/24, de 06/09)

D. JoseManuel Brenlla Castiñeira

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA O ESTUDO PARA O CURSO 2024/2025

APELIDOS E NOME DO ALUMNO		NIF/CIF
REPRESENTANTE LEGAL DO ALUMNO(NAI/PAI/TITOR)		NIF/CIF
DOMICILIO		
MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		

EXPOÑO:

Que coñezo e acepto o contido íntegro das Bases.
Que cumpro todos os requisitos do punto segundo das bases para axudas de estudos do ano 2024-2025.

SOLICITO:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Que me sexa concedida a axuda de estudos, destinada aos seguintes estudantes que cursarán estudos no/s centro/s que a continuación se relacionan:

Nome do alumna/o:

Centro educativo, Curso:

Zas,..... de de 2024

Asdo.

Att; SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ZAS

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei. Dirixíndose ao Concello de Zas.

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude

- ✓ Fotocopia do **DNI** do/da alumno/a e do solicitante (pai, nai ou titor)cando sexa menor de idade .
- ✓ Fotocopia do **Libro de familia**.
- ✓ Fotocopia da **matrícula** no centro escolar ou universitario ou certificado do centro, segundo o anexo II.
- ✓ Fotocopia do **Boletín de notas ou expediente académico das cualificacións do curso 2023/2024**.
- ✓ **Declaración responsable** conforme ao anexo III.
- ✓ De ser o caso, fotocopia do **certificado do grao de discapacidade** no caso de que algún fillo esté afectado por ela, ou **resolución de invalidez**.
- ✓ **Certificado da entidade bancaria** no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
- ✓ **Fotocopia da declaración da renda do ano 2023**. As unidades familiares exentas desta obriga deberán acreditar a situación, xuntando a seguinte documentación:
 - Para o membros activos laboralmente, certificado de Facenda do ano 2023.
 - Acreditación, por calquera medio axustado a dereito, de percibir ou non algunha prestación ou pensión (INEM, Seguridade Social, Xunta...)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

✓ **No caso de ser familia monoparental, deberase aportar ademais:**

- Sentenza de separación ou divorcio e/ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, ou xustificante de viuvez, de ser o caso.

ANEXO II

D. / D^a....., secretaria/o do centro de
 ensino.....

CERTIFICO:

Que a/o alumna/o..... realizou a matrícula para
 cursar neste centro estudos de..... durante o curso
2024/ 2025

Zasde de 2024



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Asdo.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Dona/Don

.....

co DNI....., de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas de estudos para o curso 2024-2025 convocadas polo concello de Zas.

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Zas poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
2. Que o beneficiario e o representante legal se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social e autorizan ao Concello de Zas a comprobalo en calquera momento do procedemento.
3. Que nin o beneficiario nin o representante se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, e que non está incurso en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvencións e disposicións aplicables.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

4. Que non teño pendente de xustificación ningunha subvención concedida por ningún ente público.
5. Que respondo persoalmente de calquera tipo de obriga fiscal que da presente se poida derivar.
6. Que autorizo ao uso dos datos do beneficiario e o representante legal para calquera información que deba ser rendida en cumprimento das disposicións legais de calquera tipo, en particular para a súa remisión á Base de Datos Nacional de Subvencións.
7. Que son certos os ingresos da unidade familiar declarados mediante a aportación da correspondente documentación, relativos ao ano 2023.

En Zas a de.....de 2024

Asdo: